



**SALCIDOS**

Esta parroquia reconece por Patrón tutelar a Sn. Lourenzo Diácono e Mártir español a quen lle celebran a festa o 10 de Agosto. Habitana 720 veciños, que corresponden polo contencioso político e governativo á Xustiza da Vila da Guarda. Valen os seus décimos 41.342 reais, dos que leva o Párroco dúas terceiras partes, e unha o Beneficiado sen cura que aquí hai; aquel ten casa reitoral e igrexario, aínda que ignoramos de que tamaño; ademais percibe de renda anual 2 ferrados de trigo, 11 de centeo, 12 de miúdo, 2.¼ de millo, 2 reais e 16 marabedis. Paga á Mitra de Tui 342/3 ferrados de trigo, e a sen cura 26 de idem. A fábrica da igrexa cobra 16.1/12 ferrados de trigo, 39 de centeo, 50¾ de miúdo e 172 reais. Paga á dita Mitra 1 coleta 200 marabedis vellós. Ambos Beneficios con cura e sen cura son de presentación do Conde de Priegue. A igrexa parroquial levantouna desde os cimentos a súas expensas o Abade de aquí Dn. Xoán Ponce de León no ano de 1760, cuxa memoria deixou perpetuada nun setreiro poético que gravou na parede da espalda da Capela maior nesta forma:

Piedras que a Dios Templo dan  
 serán eterno blason  
 de Dn. Jn. Ponce de León  
 Abad que haciendo cesión  
 lenguas que eterno se harán  
 e imortal se han de aplaudir  
 pues devoto pudo unir  
 en su ilustre edificar  
 el ánimo de empezar  
 la gloria de concluir.  
 Año de 1760.

Nunha Capela que ten a mesma igrexa xunto á porta travesa vese cicelado outro rótulo pola parte exterior en dous renglóns,



305

**SAN LORENZO**

segundo aquí ímos a por, só coa diferenza de que por ser o primeiro demasiado longo dividido en dous, e di así:

Devotione fecite año de 1740 Sdo.

Abad de esta fra. Dn. Berndó.

Az. Sandino.

A igrexa é de bastante extensión ben disposta e fermosa. Confina Salcidos co Miño. Dista da Cidade de Tui 4 leguas menos cuarto.

... Sta. Eulalia de Cividanes: foi esta unha parroquia antiga do Bispado, e dela vimos algunhas mencións, e son, que en Xullo do ano 1180 o Rei Dn. Fernando 2º de León concedeu ao Bispo de Tui Dn. Beltrán a metade da igrexa de Sta. Eulalia de Cividanes con dous casais na mesma vila; e no 1200 Paio Suárez doou ao Mosteiro de Oia o dereito e facenda que tiña na igrexa de Sta. Eulalia de Salcidos, que é a mesma de que estamos falando. Hoxe en día non existe esta parroquia por terse suprimido e agregado enteiramente co tempo á confinante de Sn. Lourenzo de Salcidos, na que se conserva un lugar co nome de Cividanes, que é o mesmo sitio que ocupou dita extinguida parroquia." (Ávila y La Cueva, 516-517).

## Igrexa parroquial

A parroquia de Salcidos era de presentación do Conde de Priegue. No ano 1954, D. Xavier Ozores Miranda presentou unha terna para provistar esta parroquia e o Bispo Frei Xosé López Ortiz esixiulle que presentase os títulos de acreditación como Conde de Priegue, os dereitos de padroado e o estar o día nos dereitos de transmisión do título. Daquela o Conde presenta a súa renuncia ao dereito de presentación, que é aceptada polo Bispo, decidindo que o día 11 de agosto, o día de S. Lourenzo, se aplique unha misa de sufraxio polo Conde e os seus familiares.

A igrexa actual comezouse a edificar no século XVI sendo párroco D. Álvaro Ozores de Sotomaior. No ano 1760, por mandado do Abade Xoán Ponce de León, como consta na cartela existente no paramento da fachada leste, realizouse a capela maior. O responsable da obra foi o mestre canteiro Xoán Trigo, veciño da Guarda, que en 1761 recibe a cantidade de 8.729 reais de vellón en pago dos traballos realizados ese ano. O proxecto é de Domingo Laredo.

Temos referencia de que o 8 de outubro do ano 1861 fixéronse obras nela, adxudicadas a Xosé Antonio Araújo Ramallosa, natural de Gondarem.





A **fachada principal (304)** presenta un dobre apilastramento para remarcar a nave central, sobre o que se sostén unha cornixa que forma un frontis triangular partido na súa base para adornarse coa moldura de arco de medio punto que acolle a porta principal e a ventá do eixe do paramento.

A porta é moldurada e de arco rebaixado, o mesmo que a ventá. Unha cornixa, na súa base, con dous floróns nos extremos, serve para sostener a base da imaxe pétrea de **S. Lourenzo (305)**.

O resto da fachada, a correspondente coas naves laterais, non ten máis adorno que a cornixa de remate que continuará polos paramentos exteriores norte e sur.

A fachada remata coa torre central de base cadrada á que se ascende dende dúas columnas con xarróns por un murete cóncavo de sustentación. Unha cornixa voada e achaflanada nas esquinas dá paso ao primeiro corpo, o das campás, protexido cunha varanda metálica. Outro pequeno corpo sostén a bóveda que remata en agulla con cruz pétrea.

No paramento sur ten unha capela e a sancristía, con tellados a tres augas. O da nave é a dúas augas.

A **capela maior (306)** é de planta cadrada. Ten tellado a catro augas, que se adorna con seis pináculos de prisma rematados en bola. Está apilastrada nas catro esquinas. Ten unha **ventá (307)** en cada un dos paramentos externos de moi boa factura. No lado norte e sur son iguais. A do paramento leste adórnase con pilastras que sosteñen un frontis triangular partido no que se atopa o **escudo (310)** da casa que tiña o padroado desta igrexa. Nos extremos do frontis, hai dous pináculos adosados que rompen a cenefa que adorna todo o contorno da capela maior por debaixo da cornixa.

No **interior (308)**, ten arcadas de medio punto sobre columnas cilíndricas que separan as naves laterais, máis estreitas, da central.

Un zócalo de pedra recubre os paramentos.

O teitume é de madeira, formando casetóns. Na nave central é plano e nas laterais ten a caída do tellado.

A **capela maior (311)** ten tres partes diferenciadas. Entre o arco triunfal e outro interior, ambos adornados con debuxos na parte inferior, hai unha bóveda de canón, que se repetirá no extremo posterior, onde está o retablo maior.

Entre ámbalas dúas, na parte central, ábreanse dous lunetos que veñen morrer na moldura central que se adorna con cabezas de anxos. Hai tres adornos cónicos, preparados para o sostemento de lámpadas e dous circulares. Nos esquinais hai tamén





anxos adoradores de corpo enteiro. Unha cornixa percorre os paramentos e adórnase con debuxo de pedra a modo de dosel.

O retablo maior ocupa todo o paramento leste. Ten tres rúas sobre unha ampla predela. As rúas laterais enmárcanse con pilastras que sosteñen un frontis triangular rematado nunha cruz. As caixas son planas e as peñas parecen sostidas por pequenas columnas. Nelas están o Sagrado Corazón de Xesús e o Corazón inmaculado de María.

A rúa central enmárcase con dous pares de columnas bipartitas: no primeiro terzo talladas con laces e con anel de separación para continuar acanaladas ata o capitel dórico. Sosteñen un ático semicircular que se adorna con xarróns. No centro unha cartela coa gloria e os símbolos de S. Lourenzo, a parrilla e a palma do martirio.

Na parte inferior está o sagrario e, sobre el, unha fornela de medio punto que acolle a **imaxe do patrón** (309) rodeado de anxos e nubes.

As naves laterais están presididas por dous retablos practicamente xemelgos que teñen, o do lado norte o **Cristo da Agonía** (312), e no lado sur o da **Virxe do Carme** (313).

Son do mesmo autor do retablo maior.





313



314



315

### O RETABLO DA VIRXE DO ROSARIO (314)

Está nunha fornela aberta no paramento acomodándose a ela segundo a arquitectura que o acolle.

As rúas laterais, centradas polas columnas salomónicas, teñen catro medallóns cada unha coa representación dos **misterios gozoso e dolorosos** (315, 320, 321) do Rosario. O último deles ocupara os sectores laterais do ático.

A rúa central do primeiro corpo ten unha caixa plana que se adorna cun dosel no que está a Virxe do Rosario.

O espazo central do ático ten unha caixa plana, enmarcada por machóns, con cortinaxes que recollen dous anxos. Ao redor dela están os outros cinco misterios, **os gloriosos** (316, 317), dous a cada lado e, o que representa a **Vinda do Espírito Santo** (318), no centro, mesmo debaixo da pomba que ocupa a clave do intradós.

Hai dous anxos luminarios sobre a cornixa.

O arco de remate adórnase polo exterior con cabezas de anxo e tarxas colocadas alternativamente. O interior (intradós) divídese en casetóns de tres en fondo e cada un



316



con motivo diferente, menos o que forma a clave, que é un só e ten a **representación do Espírito Santo (318)** con raios flamíxeros.

Esta forma de colocación dos medallóns supón un novo estilo, que non é moi común.

Con data de 1719 consta unha entrega para pago do retablo, polo que pódese datar nestes anos.

Foi restaurado en febreiro do ano 2006 financiándose coa colaboración dos fregueses.

### O RETABLO DA VIRXE DAS DORES (319)

Está situado nunha capela, no lateral esquerdo da igrexa, inserto no arco policromado.

Repousa sobre un banco de factura moi posterior, con elementos do neoclasicismo como son unhas pilastras estriadas. As dúas partes laterais do banco teñen portas para o seu uso de armario, e a parte central está acristalada para conter un ataúde, tamén acristalado, co Cristo morto.

Cando se fixo este banco, houbo que adaptar o retablo ao mesmo, desaparecendo parte do orixinal para poder acomodalo de novo neste lugar.

Toda a estrutura do retablo xira en torno á fornella central que ascende, rompendo o entablamento, ata ocupar gran parte do ático. Os laterais abucínanse para dar aínda maior profundidade.





322



323



324

Os machóns e as caixas adórnanse con cintas e motivos vexetais. Dous estípiteos enmarcan a fornela central.

O arco da fornela é de medio punto e na súa bóveda adórnase con cinco casetos coa mesma decoración que nas casas laterais, pero no extradós, atados con cintas, ten distintos elementos da Paixón: lanza, hisopo, martelo...

Nos laterais hai dous anxos de xeonllos, adorando a imaxe da Dolorosa, que está nun estrado.

No ático, dous anxos mostran o Corazón da Dolorosa atravesado polas sete espadas.

Restaurouse a finais do ano 2006.

Ten outros retablos como o da **Virxe Milagrosa** (322), en madeira, con altar e aos lados caixoneira, probablemente de finais do XVIII, e outro en pedra a **S. Xosé** (323).

Moi interesante é a **táboa de Ánimas** (324), que está no paramento sur, xunto ao retablo do Carme.

Restaurouse nuns cursos que houbo en Tui no ano 1992 e pasou ao Museo Diocesano onde estivo un tempo, pero, ante a insistencia da xente, volveu á parroquia.

Nela, en relevo, represéntase a Cristo Resucitado na gloria do ceo. S. Miguel está no centro, sobre o inferno presidido polo demo. A dereita e esquerda, respectivamente, están o Purgatorio e o limbo.



325





326



327



328

Probablemente sexa de comezos do século XVIII.

Na sancristía hai outro **pequeno retabliño barroco (325)**, coa imaxe de S. Lourenzo no centro e S. Bieito e S. Amaro nas fornelas laterais, que son as imaxes propias deste retablo. No ático están, colocadas a plomo no entablamento, S. Pedro e S. Paulo, e na fornela unha Virxe do Carme máis moderna.



329

### Capela de Nosa Señora da Mercé (326)

Está no barrio da Gándara

É unha capela de 130 metros cadrados construída en 1918.

### Capela de S. Roque (327)

Moi cerca da igrexa parroquial. De estilo neogótico.

Esta capela data do ano 1914 e foi edificada no mesmo lugar no que había unha antiga ermida do século XVII.

Foi costeada por subscrición popular.

No segundo corpo da torre, que está centrada na fachada principal, ten a esfera do reloxo nas catro caras. Remátase cun curioso campanil de cemento para unha soa campá.